

Informe da Directora. Xunta de Escola, 16 de decembro de 2020

1 Reunións de traballo

- 12 de novembro. Reunión da directora con María Romera, Directora da Asociación AEMENER “*Asociación Española de Mujeres de la Energía*”
- 18 de novembro: Asistencia da directora á reunión convocada polo Reitor e Vicerreitor de Planificación en relación ás medidas a adoptar se o alumnado non puidese facer uso das cafeterías e comedor.
- 19 de novembro. Reunión da directora con representantes de SPACELAB. Trátase dunha asociación dunha vintena de estudantes e persoas egresadas das escolas de enxeñaría de Telecomunicación, Aeronáutica e do Espazo, Industrial e da Escola Superior de Enxeñaría Informática, asesoradas por docentes, co obxectivo de “deseñar, fabricar, verificar e operar pequenos satélites e misións espaciais”
- 24 novembro. Asistencia da directora á convocada polo Reitor e Vicerreitor de Planificación en relación ás medidas a adoptar se se activara á folga de transporte de VITRASA.
- 3 de decembro. Asistencia da Directora a reunión de CODEIME (“*Conferencia de Directores/as de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía de España*”). Acordouse a sinatura dun convenio coa “*Real Academia de la Ingeniería*”, con AMENER e a participación no proxecto “*Minería y Vida*”, promovido por PRIMIGEA.
- 3 de decembro: Reunión de David Patiño e a directora coa coordinadora do programa STEMBach do IES “Santiago Apóstol” de Redondela

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

2 Mobilidade

Infórmase do estado das convocatorias de mobilidade do alumnado, o prazo para presentar solicitudes para alumnado propio para participar no curso 2021/22

- ERASMUS+, 18 de decembro
- ISEP, 23 de decembro
- GE4, 18 de decembro
- Becas de intercambios propias de la UVigo, 8 de xaneiro

A directora informa da situación do alumnado ERASMUS+ alleo, que trasladou ao centro a posibilidade de realizar os exames finais en modalidade non presencial. Desde o centro farase a consulta para valorar a correspondente autorización, dado que o centro ten autorizada docencia completamente presencial. Informarase ao profesorado implicado sobre do proceder.

3 Igualdade

3.1 Día da Nena na Ciencia

O Enlace de Igualdade do centro está a coordinar as actividades que realizará o centro para a celebración da Día da Nena na Ciencia on line, no formato “*Elas Fan Ciencia*”. Celebrouse unha

reunión o día 1 de decembro con todas as persoas que participarán nas actividades. A relación de actividades que se enviou a Unidade de Cultura Científica son:

- Sobre construción de muros “The Wall” (María Araújo)
- Sobre combustión: “The She-ience Games: Catching Fire” (Raquel Pérez e Ana Larrañaga)
- Sobre recursos minerais “Minerais e arte: a min non me enganas!” (Teresa Rivas, Iago Pozo e Elena Alonso)
- Sobre materiais: “Outra mirada desde a ponte de Rande” (Iria Feijoo)
- Sobre física aplicada: actividade pendente de denominación (Ana Ulla)

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades e a Teresa Rivas a labor de organización e coordinación.

4 Sistema Garantía Calidade

4.1 Re-certificación do Sistema de Calidade da Escola

No relativo á visita ao centro do Comité de ACSUG vinculada ao proceso de re-certificación da implantación do SGIC, a Área de Calidade informou o 23 de novembro que se pospón para principio do ano 2012.

4.2 Publicación no Portal Transparencia

6 de novembro de 2020. Publicación no PT de varios indicadores e información: enquisas de satisfacción 19/20 de alumnado, persoas egresadas e PDI, e notas medias das titulacións.

30 de novembro de 2020. Publicación no PT de varios indicadores de calidade relativos a centros e titulacións no curso 2019-2020 (admisión, matrícula, rendemento...)

2 de decembro de 2020. Publicación no PT de varios indicadores e información incluíndo un avance de matrícula das titulacións no curso 2020-2021.

4.3 Publicación Área de Calidade

2 de decembro de 2020. A Área de Calidade informa da publicación dos resultados das enquisas de satisfacción de empregadores coas titulacións do curso 2019-2020.

20 de novembro de 2020. A Área de Calidade informa da publicación dos resultados definitivos das enquisas de avaliación docente do curso 2019-2020.

Resultados Enquisas Avaliación Docente 2019/20				
Ítem avaliado	Grao EE	Grao ERME	MUEM	Universidade
Información materia	4.13	4.25	4.25	4.18
Recursos materiais	4.17	4.24	4.24	3.97
Planificación	4.06	4.16	4.16	3.87
Deenvolvemento	4.03	4.21	4.21	3.88
Resultados	4.17	4.31	4.31	3.71
Total	4.11	4.42	4.42	3.98

A directora agradece a Guillermo García a labor como Coordinador de Calidade do centro

5 Difusión e divulgación

5.1 Concursos

O día 11 de decembro realizouse o acto semipresencial de entrega de premios dos concursos ENFOCA.RME 2020 e CURTOMETRAXES ENERXÉTICAS 2020.

ENFOCA.RME é un concurso aberto ao público en xeral e pretende premiar as mellores fotografías sobre enerxía dende calquera perspectiva, incluíndo xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos etc.

O Xurado estivo formado por:

- Pablo Eguía Oller e Patricia Liñares Méndez, en representación do profesorado do centro
- Carmen Filgueira Sánchez e Iago Cuñado, en representación do alumnado
- María José Martínez Martín (representante do PAS)
- Janite Lafuente López (profesional do ámbito da fotografía)

As persoas gañadoras fóron:

- 1º premio: “Eólica en acción”. Autor: José Manuel Maiquez Mijares.
- 2º premio: “Demasiado cerca”. Autor: Javier González Paz.
- Accésit: Arterias de granito. Autor: Manuel Diz Folgar. De maneira presencial su compañero: Pablo Chedas Castro

CURTOMETRAXES ENERXÉTICOS é un concurso vai dirixido ao público en xeral. Trátase de realizar unha curtametraxe de 5 a 10 minutos, onde se mostre un tema relacionado con enerxía eficiente, reciclaxe, desenvolvemento sostible, enerxías renovables, etc..É o primeiro ano que se convoca, así que tivemos unha participación moi modesta, pero con representación de participantes de Madrid e Galicia. Cabe sinalar que esta participación é por equipos, o que concede aos traballos presentados maior dificultade e valor.

O xurado Jurado estivo formado por

- Pablo Eguía Oller e Patricia Liñares Méndez, en representación do profesorado do centro
- Carmen Filgueira Sánchez e Iago Cuñado, en representación do alumnado
- María José Martínez Martín (representante do PAS)
- Alejandra Gómez (profesional do sector, diseñadora gráfica).

As persoas gañadoras fóron

- 1º premio: “Tecnoloxías power to gas” (Paula Martínez Repeto, Inés Fernández Blanco, Alicia Alfaya Calleja, Brenda Lorena González Iurman, Laura Huerta Paúl).
- 2º premio: “Biogás en países subdesarrollados” (Daniela Arango Ocampo, Vanessa López Restrepo, Henry Pizarro Guazhu, Talita Peixoto Sorrentino, Enma Ugarte Osorio).

5.2 Participación no programa da UVIGO “Charlas divulgación científica”

A Escola participa no programa da Universidade de Vigo “Charlas de divulgación científica”, co obxectivo de levar o coñecemento que se xera nas escolas e facultades da UVigo a institutos de toda Galicia. Trátase de impartir ao estudantado de 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional charlas de divulgación sobre temáticas do ámbito de traballo do noso PDE. En total o catálogo da Universidade comprende 55 opcións de relatorios de divulgación científica, dos que 9 son impartidos por PDI do centro. As persoas que participan na actividade son:

David Patiño Vilas

María Araújo Fernández

Benito Vázquez Dorrió

Iago Pozo Antonio

Teresa Rivas Brea

Bienvenido Díez Ferrer

Enrique Alonso Villar

Raúl Figueroa Martínez

Iván Garrido González

5.3 Charlas IES

Impartíronse dúas charlas presenciais en IES, coas seguintes temáticas e conferenciantes:

14 de decembro: María Araújo (Minería espacial). IES Teis. 4º ESO (20 alumnos)

17 de decembro: Benito Vázquez (Física Recreativa). IES Poio: 2ºbach

A directora agradece a todas as persoas que participan nas actividades de divulgación e a Iago Pozo a labor de organización e coordinación das actividades de divulgación e difusión do centro

6 Procedementos administrativos e académicos

6.1 Nova normativa de titorías

No Consello de Goberno do día 20/11/2020 aprobouse a “*Normativa de actividades titoriais da Universidade de Vigo*”, da que se informa dos aspectos máis relevantes:

6.1.1 Modalidades titorías

- Titorías en **horario fixo**. Son titorías con atención presencial en horario fixo.
- Titorías **concertadas**. Son titorías con atención presencial en horario acordado entre o estudante e o/a profesor/a fundamentalmente a través do correo electrónico ou a Secretaría Virtual. Nesta modalidade, calquera solicitude de cita realizada, salvo que exista unha causa xustificada, deberá ser contestada, a máis tardar, en dous días hábiles e atendida en cinco días hábiles.
- Titorías **mixtas**. Estableceranse as titorías mediante un reparto entre titorías presenciais en horario fixo e concertadas.

6.1.2 Dedicación horarias ás titorías

O profesorado, de acordo coa súa categoría e dedicación, terá as obrigas semanais de titoría e atención ao alumnado que figuran na seguinte táboa:

PROFESORADO	CATEG	DEDIC.	HORAS DOCENCIA ANUAL	HORAS TITORÍA SEMANAL
CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE	CU	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	6
TITULAR DE UNIVERSIDADE	TU	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	6
CATEDRÁTICO/A DE ESCOLA UNIVERSITARIA	CE	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	6
TITULAR DE ESCOLA UNIVERSITARIA	TE	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	6
PROFESOR/A CONTRATADO DOUTOR	DO	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	6
TITULAR DE UNIVERSIDADE - PLAZA VINCULADA	TUPV	TC	segundo a súa capacidade (máx. 280)	3
PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR	AX2	TC	240	6
AXUDANTE	AX1	TC	60	2
VISITANTE	VI	TC	240	6
LECTOR/A	LE	TC	360	6
EMÉRITO/A	EM	TC	non imparte docencia	
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P3	90	2
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P4	120	2,5
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P5	150	3,5
ASOCIADO/A TIEMPO PARCIAL - PROFESOR/A INTERINO DE SUBSTITUCIÓN - LECTOR/A	A3/PI/LE	P6	180	4
LECTOR/A	LE		240	6
LECTOR/A	LE		300	6
PERMANENTE				
TEMPORAL				
A TEMPO COMPLETO				
A TEMPO PARCIAL				

6.1.3 Planificación titorías

Cada profesor/a elixirá ao inicio de cada cuadrimestre a modalidade na que planificará as súas titorías, que non poderá modificar ao longo do mesmo.

O profesorado, antes do comezo do curso académico ou de cada un dos cuadrimestres, debe cubrir o seu horario de titorías a través da aplicación dispoñible na Secretaría Virtual. Ademais, esta aplicación permitirá a posterior emisión de informes e certificados.

Corresponde ao Consello de Departamento, validar os horarios de titorías do profesorado adscrito ás áreas de coñecemento que o integran antes do inicio do curso académico ou de cada cuadrimestre. O acordo deberá remitirse aos decanos/as ou directores/as dos centros nos que o departamento imparta docencia

6.1.4 Control titorías

Corresponderá aos Decanos/as e Directores/as de Centro controlar e garantir o cumprimento efectivo dos horarios de titorías do profesorado do Centro, utilizando os mecanismos establecidos a tal efecto pola Xunta de Centro e, de ser o caso, polo Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

6.1.5 Sobre a presencialidade

As titorías presenciais levaranse a cabo no despacho habitual do/a profesor/a, nas dependencias que este/a estime máis convenientes para o mellor desenvolvemento das mesmas ou nos espazos que poida habilitar o Centro para tal efecto.

No entanto o disposto no punto anterior, por acordo entre o/a profesor/a e o estudante, as sesións de titoría poderán realizarse a distancia, utilizando medios telemáticos

O documento Medidas relativas as Condicións de Traballo do PDI para o curso 2020/21 na Universidade de Vigo indícase que, a lo menos neste presente curso 20 21, “...a labor de titoría do alumnado farase preferentemente en modalidade non presencial e respectando o horario laboral do docente”.

6.2 Eleccións alumnado Consellos Departamentos

A partir do 11 de xaneiro comeza o procedemento de eleccións de representantes de estudantado, PDI-B e PAS en Consellos de Departamento. O proceso estará xestionado polo centro para o sector alumnado e por cada Departamento para os sectores PDI-B e PAS.

6.3 Eleccións representantes Xunta de Escola

Habilitouse o procedemento de elección de representantes en xunta de escola para o PDI no permanente, alumnado e PAS. O 14 de decembro publicáronse as candidaturas definitivas e como non se cobren todas as vacantes, directamente xa se publica a lista provisional de representantes electos. Hai un prazo de presentación de alegacións que termina ás 14:00 do próximo xoves, 17 de decembro, e a listaxe definitiva de representantes publicarase o 18 de decembro.

Apelidos	Nome
CONDE FONTENLA	MARCOS
GIRÁLDEZ PÉREZ	EDUARDO
MARTÍNEZ SÁNCHEZ	JOAQUÍN

Sector alumnado		
Apelidos	Nome	Titulación
ANDRÉS HERGUEDAS	LAURA	MASTER MINAS
BARREIRO CAL	BORJA	GRAO EE 290
BASTOS RECAREY	PEDRO	GRAO EE 290
CARIDE PÉREZ	MARTA	GRAO EE 290
CASAL BARREIRO	ALEJANDRO	GRAO EE 290
CUÑADO JUNCAL	IAGO	GRAO EE 290
DOMÍNGUEZ BLANCO	SANTIAGO	GRAO ERME 310
FILGUEIRA SÁNCHEZ	CARMEN	GRAO ERME 310
MARCELINO ROSA	LUIS HENRIQUE	GRAO EE
MONTENEGRO VÁZQUEZ	IVÁN	GRAO EE 290
PARENTE ARTIME	BELÉN	GRAO EE 290
SANTORUM RUÍZ	HÉCTOR	GRAO EE 290

Apelidos	Nome
GARCÍA CAUREL	JESÚS
GARCÍA EIRÍN	MIGUEL ÁNGEL
MARCOTE PEREIRA	Mª MAYTE

MARTÍNEZ MARTÍN	M ^a JOSÉ
ROMO PÉREZ	M ^a DEL CARMEN

7 Prevención de riscos e control sanitario

7.1 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última Xunta de Escola (12 de novembro), fíxose o seguimento de oito casos, dos cales dous foron positivos. O resto dos casos foron casos posibles ou compatibles que finalmente foron casos negativos, aínda que tiveron que facer corentena.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro se teñen síntomas ou se ten que gardar corentena por caso confirmado ou posible e que é necesario informar destas circunstancias

8 Recursos materiais e servizos

8.1 Axudas solicitadas

Solicitouse unha axuda ao Consello Social para acondicionar o espazo do “Aula Aberta á TecnoCiencia” e concedeuse a cantidade 4477,27 € e xa está executado o gasto con cargo ao ano económico 2020.

8.2 Incorporación bolseiras

Como se informou na Xunta de Escola do 12 de novembro, unha das bolsas de formación do centro para realizar actividades de divulgación científica quedou vacante polo que habilitouse unha segunda convocatoria para cubrir esta praza A dedicación de 15 horas/semana. As persoas candidatas non cumpren requisitos, polo que quedou vacante.

8.3 Equipamento aulas

Estase a mellorar o acondicionamento dos espazos docentes e de reunión do centro (reloxos, termómetros, encerados novos. Código QR, pantallas táctiles)

9 Actividades da Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado organizou o programa “ENMI *talks*”, actividade herdeira do “Mes Cultural de Santa Bárbara. Impartíronse as seguintes conferencias:

- Teresa Rivas Brea. “Restaurando moito mais que espazos mineiros”. 17 novembro
- Gustavo Peláez e Antonio Fernández. “Aproveitamento do metano en granxas de vacún”. 19 de novembro
- Manuel Pérez Cota. “Informática aplicada á industria mineira, da enerxía e da transformación”. 25 de novembro.
- José López Miralles. “Investigando en astrofísica: Buratos negros, superordenadores e portais magnéticos”. 2 de decembro
- Juan Ricoy. “Proxecto de voadura para a construción da EDAR de Vigo”. 3 de decembro.
- Carlos Martínez. “A verdade sobre a industria extractiva”
- Roberto Agromayor. “Érase unha vez en Noruega: Experiencias dun *enerxieiro*”. 10 de decembro.

Desde o Clube Deportivo de Minas organizouse a carreira de Santa Bárbara virtual, un concurso de fotografías da carreira e un torneo de xadrez online. Os resultados da Carreira de Santa Bárbara son os seguintes.

Categoría	Nº participantes	Gañador/a
Categoría Escola Minas e Enerxía Feminina	11	Carmen Pérez Pérez
Categoría Escola Minas e Enerxía Masculina	22	Guadix Manuel Rogel García
Categoría Uvigo Feminina	14	Andrea Rivera Dosantos
Categoría Uvigo Masculina	31	Guadix Manuel Rogel García
Categoría Popular Feminina	4	Sara González Silva
Categoría Popular Masculina	16	José Alberto Bastos Dasilva

A directora informa de que o xoves 17, a partir das 14:00 horas terá lugar o Acto de entrega de Premios da Carreira de Santa Bárbara, o Trofeo de Xadrez e o Concursos de fotografía da carreira.

Agradécese o traballo desenvolvido pola Delegación de Alumnado na organización destas actividades, agradecemento que se fai extensivo ao PDI e persoas egresadas que participan na impartición das conferencias.

10 Premios e carreira profesional membros do centro

10.1 Carreira profesional

As seguintes persoas, PDI adscrito ao centro, obtiveron as seguintes prazas na súa carreira profesional.

Profesor/a	Categoría profesional	Área de Coñecemento
Benito Vázquez Dorrió	Catedrático/a Universidade	Física Aplicada
Enrique Granada Álvarez		Máquinas e motores térmicos
Pedro Arias Sánchez		Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
Leandro Alejano Monge		Explotación de Minas
Carmen Pérez Pérez		Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica
Ana Rodríguez Rodríguez	Profesor/a Titular Universidade	Enxeñaría Química
María Remedios Yáñez		Enxeñaría Química

11 Próximas actividades

11.1 Conferencias e cursos formación extracurricular

Organizadas por Delegación de Alumnado

- Pablo González e Elena Alonso. Minería e sostibilidade
- Verónica Salgueiriño. Materiais magnéticos nanométricos.

Organizadas polo centro

Conferenciante	Tema	Modalidade
Iago López Rodríguez	“Mi experiencia de internacionalización en el ámbito de la ingeniería de minas”	Conferencia
Isidro Sánchez Martín	“Materiales para una Construcción Sostenible: Pasado, Presente y Perspectivas de Futuro”	Conferencia
Andrea Martín Atanes	Curso sobre tecnoloxías de perforación	Curso
Francisco M. Troncoso Pastoriza	Curso de programación en PYTHON	Curso
Javier Martínez Torres	Curso de programación MATLAB	Curso
Juan Ricoy Alonso	Curso de Autocad con MDT (software topográfico que traballa sobre Autocad)	Curso
Adrián Riquelme Guill	Curso de caracterización de macizos rochosos mediante 3DPC	Curso
David López Mera	Curso de instalacións fotovoltaicas de autoconsumo	Curso
Fernando Negreira Dopazo	“Evolución de los sistemas de iniciación de explosivos”	Conferencia